


Martes día 22 (20h)



## EVEREST - EL ENIGMA DE IRVINE Y MALLORY

Presenta: Carlos Garrido Costas

Invitado: **SEBASTIÁN ÁLVARO** (Aventureiro e escritor)

¿Foron George Mallory e Andrew Irvine os primeiros seres humanos en acadar o cumio máis alto do planeta? Esta pregunta ronda o inconsciente colectivo dende que desapareceron no ano 1924 durante o seu intento de escalar o Everest. Hoxe en día, continúa a ser un dos grandes misterios do alpinismo.

Non hai máis certezas nesta historia que a grandeza dos seus protagonistas que, naqueles remotos lugares extrañamente misteriosos e descoñecidos, se aventuraron coa firme vontade de pisar o teito do mundo.

Da man de Sebastián Álvaro, autor do libro, chegaremos máis aló de acadar unha resposta.



Mércores día 23 (20h)



## OCÉANOS - EL MISTERIO DEL PLÁSTICO DESAPARECIDO

Presenta: Cristina Fernández González

Invitado: **RICARDO BEIRAS** (Catedrático en Ecoloxía - UVIGO)

O 99% do plástico que debería estar flotando nos océanos non se atopa. Aínda contando o plástico que chega ás praias ou queda atrapado no xeo do Ártico millóns de toneladas desapareceron. A meirande parte do plástico descomponse en diminutas partículas invisibles para o ollo humano. Nesta investigación, os científicos embárcanse na procura dos microplásticos. Pequenos, e na súa maioría tóxicos, albergan un novo ecosistema: a plastisfera. Pero, onde están? Foron ingeridos? Están sepultados no fondo do océano? Degradados por bacterias? Cal é o impacto da súa entrada na cadea alimenticia?

Xoves día 24 (20h)



## TRAS LAS HUELLAS DEL PASADO

Presenta: Cristina Fernández González

Invitado: **EMILIO FERNÁNDEZ** (Catedrático en Ecoloxía -UVIGO)

Aprender do pasado contribúe a unha mellor adaptación ao futuro. Hoxe en día, o concepto de cambio climático está profundamente arraigado na nosa sociedade, así e todo, como sabemos que o clima está a cambiar se só temos datos instrumentais dos últimos 100 anos? Neste documental, os investigadores da Universidade de Zaragoza farán unha viaxe a lagos illados, antigos bosques e glaciares remotos, perseguindo as evidencias que nos permiten inferir como foron as condicións climáticas pasadas.



Auditorio do Concello de Vigo

Praza do Rei, 1 (Entrada gratuíta)

